

INFORMACIÓN RELATIVA AO PROCESO DE ADMISIÓN DE ALUMNOS/AS PARA O CURSO 2024-2025

• **NORMATIVA REGULADORA DO PROCEDEMENTO:**

- Decreto 13/2022 do 3 de febreiro (DOG do 11 de febreiro de 2022).
- Orde do 21 de outubro de 2022 (DOG do 8 de novembro de 2022).
- Instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos sobre o desenvolvemento do proceso de admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos para o curso académico 2024-2025.

• **OFERTA DE POSTOS ESCOLARES:**

<i>Educación infantil</i>	<i>N.E.E. (necesidades educativas especiais)</i>
3 ANOS 17 vacantes	3 vacantes
4 ANOS 6 vacantes	
5 ANOS 4 vacantes	

<i>Educación primaria</i>	<i>N.E.E. (necesidades educativas especiais)</i>
PRIMEIRO CURSO 0 vacantes	1 vacante
SEGUNDO CURSO 0 vacantes	
TERCEIRO CURSO 0 vacantes	
CUARTO CURSO 2 vacantes	
QUINTO CURSO 7 vacantes	
SEXTO CURSO 0 vacantes	

• **PRAZO DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES DE ADMISIÓN:**

O prazo de presentación da solicitude de admisión comprende **do día 1 de marzo ao 20 de marzo (ambos incluídos)**.

• **DOCUMENTACIÓN QUE HAI QUE PRESENTAR:**

- Formulario ED550B
- Anexo II bis (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e de consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora).
- Copia do libro de familia ou documento equivalente onde figure o/a alumno/a e os demais membros computables da unidade familiar.
- En caso de separación ou divorcio, deberán achegar ademais a sentenza xudicial de separación ou divorcio e/ou convenio regulador onde conste a custodia do menor.

• **PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:**

A solicitude ED550B presentárase preferiblemente por vía electrónica, mediante o formulario normalizado dispoñible na aplicación informática “*admisionalumnado*” (<https://www.edu.xunta.gal/admisionalumnado>), a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente no centro docente indicado en primeiro lugar ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Para a presentación electrónica das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluíndo o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

A solicitude de admisión deberá estar asinada por calquera das persoas proxenitoras, titoras ou acolledoras do alumno/a. Deberá constar o consentimento expreso da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora no anexo de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento (anexoII-bis).

Nos casos de ausencia puntual da outra persoa proxenitora non separada nin divorciada por circunstancias excepcionais (laborais, familiares,...) poderá admitirse a presentación dunha declaración responsable da persoa que asine a solicitude indicando o motivo que impida o consentimento expreso da outra.

Cando falte o consentimento expreso da outra persoa proxenitora para a escolarización, mentres non se produza a resolución xudicial nos termos previstos no artigo 156 do Código Civil, manterase a situación de escolarización existente, se a houbese; no caso contrario, escolarizarase o menor, provisionalmente, tendo en conta a solicitude e o certificado de convivencia.

Nas situacións de violencia de xénero non é necesaria a sinatura do agresor.

• **OBSERVACIÓNS IMPORTANTES**

- Todo o alumnado poderá pedir ata 6 centros por orde de preferencia, e alegar os criterios de admisión que pretenda que se lle valoren. A solicitude de admisión dirixirase ao centro solicitado en primeiro lugar.
- Despois de presentar unha solicitude de admisión, para renunciar a ela deberá facerse expresamente, indicándoo no recadro correspondente da nova solicitude que deberá presentarse.
- A solicitude de admisión é única para cada alumno/a e ten carácter vinculante. A súa presentación implica que son certos os datos indicados nela.
- A existencia dunha solicitude de admisión presentada en prazo sen renunciar expresamente á anterior poderá ser causa de perda do dereito a participar no procedemento.

• **COMPROBACIÓN DE DATOS**

Para tramitar este procedemento de admisión do alumnado consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- a) DNI ou NIE da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar.
- b) DNI ou NIE da persoa representante.

Consultaranse, ademais, os seguintes datos cando a persoa interesada faga constar na solicitude que lle é de aplicación a circunstancia que acredita o documento correspondente:

- c) Declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou certificado tributario de imputacións do exercicio fiscal anterior en 2 anos ao ano natural de presentación da solicitude (declaración da renda correspondente ao ano 2021).
- d) Título de familia numerosa.
- e) Certificado de discapacidade da persoa solicitante ou membro computable da unidade familiar expedido pola Administración autonómica.
- f) Percepción de pensión por incapacidade permanente total, absoluta ou grande invalidez ou de pensión de clases pasivas por xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade por parte da persoa solicitante ou membro computable da unidade familiar.

No caso de que as persoas interesadas se opoñan á consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de solicitude e no de comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar e consentimento da outra persoa proxenitora, titora ou acollidora, e achegar os documentos.

No caso de que algunha circunstancia imposibilite a obtención dos citados datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

- **PRAZO DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DOS CRITERIOS DE BAREMACIÓN ALEGADOS:**

Cando os postos escolares dispoñibles en admisión no centro indicado en primeiro lugar non sexan suficientes para atender todas as solicitudes, o citado centro docente abrirá un prazo de 10 días hábiles, contados desde o día seguinte ao do remate do prazo para presentar as solicitudes, para que as persoas interesadas presenten de forma presencial nel a documentación xustificativa dos criterios de baremo alegados, para realizar a súa valoración e establecer unha orde de prelación.

O prazo para presentar a devandita documentación comprende **dende o 21 de marzo ao 8 de abril de 2024.**

- **PERDA DO DEREITO A PARTICIPAR NO PROCEDIMENTO:**

Poderán ser causa de perda do dereito a participar no procedemento de admisión ordinario:

- a) Indicar datos na solicitude que non se axusten ás circunstancias reais do alumnado ou da unidade familiar.
- b) Achegar documentación que reflicta datos que non se axusten ás circunstancias reais do alumnado ou da unidade familiar.
- c) Presentar solicitude de admisión sen renunciar expresamente á anterior ou anteriores.

- **DATA DE PUBLICACIÓN DA LISTAXE PROVISIONAL DE ALUMNADO ADMITIDO E NON ADMITIDO**

Antes do 25 de abril de 2024, a dirección do centro publicará, no taboleiro de anuncios no interior do recinto escolar, a relación nominal de todo o alumnado admitido e non admitido por curso, pola orde da puntuación provisional total obtida.

RECLAMACIÓN: As persoas interesadas poderán formular reclamación, ante o Consello Escolar do centro, no prazo de 5 días hábiles contados a partir do seguinte ao da súa publicación.

- **DATA DA PUBLICACIÓN DA LISTAXE DEFINITIVA DE ALUMNADO ADMITIDO E NON ADMITIDO**

A listaxe definitiva do alumnado admitido e non admitido, ordenado segundo a puntuación total, publicarase no taboleiro de anuncios no interior do recinto escolar e estará dispoñible a través da aplicación informática “*admisionalumnado*” o **15 de maio de 2024**.

IMPUGNACIÓN DA LISTAXE: As persoas interesadas poderán interpor recurso de alzada ante a persoa titular da xefatura territorial, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación.

- **PRAZO PARA FORMALIZAR A MATRÍCULA:**

O alumnado admitido formalizará a súa matrícula no correspondente centro docente **do 20 de xuño ao 1 de xullo de 2024**.

Se unha vez finalizado o prazo de matrícula esta non se formalizase, terase por decaído no seu dereito á praza obtida.

- **CENTRO AO QUE ESTÁ ADSCRITO:**

Aos efectos de continuidade dos estudos de educación secundaria, o CEIP Piñeiros está adscrito ao **CPI O Feal**.

- **ÁREA DE INFLUENCIA:**

O CEIP Piñeiros ten como zona de influencia a **zona 3**.

Delimitación: Limita ao sudeste coa autoestrada AP-9, sube cara ao norte pola rúa Areosa, pola rúa García Morato ata o enlace coa rúa Noriega Varela e continúa ata o lugar de Anse de e, seguindo o límite parroquial, chega pola rúa Río Baxoi ata o mar.

- **SERVIZOS COMPLEMENTARIOS QUE OFRECE O CENTRO:**

- Servizo de madrugadores, dende as 7:30 horas ata as 9:00 horas.
- Comedor escolar: dende as 14:00 horas ata as 16:00 horas.

O CEIP Piñeiros non dispón de transporte escolar.

- **ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES**

As actividades extraescolares determinaranse nos meses de setembro/outubro pola ANPA “As Aceas”.

Importante

A admisión e a matriculación no CEIP Piñeiros do Concello de Narón implicará respectar o seu proxecto educativo.